



RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DE CONVOCATORIA SELECTIVA PARA A CONTRATACIÓN DUN TÉCNICO I MEDIANTE UN CONTRATO POR OBRA OU SERVIZO DE DURACIÓN DETERMINADA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE INVESTIGACIÓN TITULADO: *“HACIA UN SISTEMA DE AUTENTIFICACIÓN DEL ORIGEN DE LA LECHE DE VACUNO: ESTUDIO DE LA RELACIÓN ENTRE EL SISTEMA DE ALIMENTACIÓN Y LA PRESENCIA DE BIOMARCADORES EN LA GRASA DE LA LECHE POTENCIALMENTE ÚTILES COMO TRAZADORES DE SU PROCEDENCIA EN DIETAS TÍPICAS DE GALICIA Y LA CORNISA CANTÁBRICA”*, (Ref. RTA 2014-00086-C03-03).

O Instituto Galego da Calidade Alimentaria (INGACAL), créase polo artigo 31º da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, como un ente de dereito público dos previstos no artigo 12.1 b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

En materia de persoal, o Instituto rexerase polo disposto na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, de aplicación na materia (art. 59, disposición derogatoria 1).

Dado o carácter marcadamente específico e técnico das funcións que se precisan na cobertura deste expediente de contratación de persoal e tendo en conta a formación específica que debe ser esixible para poder realizar certos tipos de traballos de investigación, faise necesario incoar un proceso selectivo de persoal para o desempeño das funcións que se recollen nas bases do presente expediente.

Polo que segundo o acordo do Consello de Dirección de 29 de xuño de 2012 do INGACAL, o Decreto 259/2006, de 28 de decembro polo que se aproba o Regulamento do INGACAL, e en virtude das facultades delegadas por Resolución do 5 de setembro de 2012 (DOG núm. 178, 18/09/12),

RESOLVO:

Convocar un proceso selectivo de contratación de persoal laboral temporal consistente na selección dun/a “TÉCNICO/A DE APOIO” para desempeñar a seguinte función: *“Aplicación de métodos analíticos avanzados para a determinación y cuantificación de*



moléculas con efecto antioxidantes en leite, forraxes e ensilaxes”, con cargo ao proxecto de investigación titulado “*Hacia un sistema de autenticación del origen de la leche de vacuno: estudio de la relación entre el sistema de alimentación y la presencia de biomarcadores en la grasa de la leche potencialmente útiles como trazadores de su procedencia en dietas típicas de Galicia y la cornisa cantábrica*”, financiado polo INIA (resolución 3 setembro 2014, BOE nº 232), para desenvolver proxectos de investigación fundamental orientada e accións complementarias dentro do “Programa Estatal de I+D+I Orientada a los Retos de la Sociedad (Reto de Seguridad y Calidad Alimentaria, Actividad Agraria Productiva y Sostenible, Sostenibilidad de los Recursos Naturales e Investigación Marina y Marítima) del Plan Estatal de Investigación Científica y Técnica y de Innovación, 2013-2016”.

Este proceso rexeráse conforme as bases seguintes:

BASES DA CONVOCATORIA

As presentes bases constitúen un conxunto de instrucións, normas e especificacións que rexerán a contratación de persoal de duración determinada baixo os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade, transparencia e non discriminación.

1.- Obxecto da convocatoria

O obxecto do proceso selectivo será a selección e contratación de persoal, polo procedemento de concurso-oposición ó abeiro da Resolución 10/06/2013 da Dirección do Instituto Galego da Calidade Alimentaria (INGACAL)

Persoal a contratar: Técnico de apoio para a “*Aplicación de métodos analíticos avanzados para a determinación e cuantificación de moléculas con efecto antioxidantes en leite, forraxes e ensilaxes*”.

2.- Publicidade e réxime xurídico da contratación

A presente convocatoria publicarase no D.O.G. axustándose ao disposto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de Organización e Funcionamento da Administración Xeral do Sector Público Autonómico de Galicia, á Lei da Función Pública de Galicia (art. 58) (Lei 2/2015, do emprego público de Galicia) e demais normativa concordante.



O contrato revestirá a modalidade de contrato de duración determinada para a realización dun proxecto de investigación, de acordo co texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro e conforme ao establecido na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, de aplicación na materia (art. 59, disposición derogatoria, derogación normativa 1ª e 3ª).

A xornada laboral será completa. O posto de traballo estará situado na sede do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo.

3.- Duración

A contratación obxecto da presente convocatoria efectuarase con carácter temporal. A vixencia do contrato comezará coa sinatura do mesmo polo candidato seleccionado e terá una duración de 12 meses, limitada a duración das tarefas a desenvolver no servizo denominado proxecto de investigación "*Hacia un sistema de autenticación del origen de la leche de vacuno: estudio de la relación entre el sistema de alimentación y la presencia de biomarcadores en la grasa de la leche potencialmente útiles como trazadores de su procedencia en dietas típicas de Galicia y la cornisa cantábrica*".

Para o/a candidato/a seleccionado(a), unha vez formalizada a relación contractual, establecerase un período de proba dun (1) mes, en conformidade co regulado no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores.

4.- Tarefas a desempeñar

As principais actividades a desenvolver serán as seguintes:

- Organización das tarefas de recepción, preparación e análises das mostras.
- Organización e contribución á preparación de mostras de leite, forraxes, ensilaxes por técnicas de extracción/derivatización.
- Desenvolvemento da técnica de extracción con fluidos presurizados (PLE) para a determinación de moléculas con carácter antioxidante en forraxes frescos e ensilaxes.
- Análises de mostras de leite, forraxes, ensilaxes por HPLC-UV-Fluorescencia molecular.



- Identificación e cuantificación de antioxidantes liposolúbeis (vitaminas A e E, β -carotenos e xantofilas, etc...). – No seu caso, confirmación por HPLC-MS/MS o HPLC-HRMS (QTOF).
- -Validación dos métodos segundo normativas en vigor.
- Análise e interpretación dos resultados obtidos.
- Redacción dos informes técnicos

5.- Requisitos xerais

Os/As candidatos/as deberán reunir, tanto no día en que finaliza o prazo de presentación das solicitudes como no momento da sinatura do contrato, os seguintes requisitos:

- a) Ter nacionalidade española; ou ser nacional dalgún dos Estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado no que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores; ou ter residencia legal en España, no caso de tratarse de estranxeiros non incluídos nos puntos anteriores.

Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as, sempre que non estean separados/as de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.

- b) Idade: ter cumpridos dezaseis (16) anos
- c) Capacidade funcional: a estes efectos enténdese por tal, non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- d) Habilitación: non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por



resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado e nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

6.- Requisitos específicos

- a) Titulación requirida: - Licenciado o Grao en Química e Posgrao en Química.
- b) Coñecemento do idioma galego que se acreditará mediante o título Celga 4, curso de perfeccionamento da lingua galega ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia. No caso de que un candidato non poida acreditarlo, deberá superar unha proba de nivel da lingua galega. Esta proba se regula no anexo I destas bases.

7.- Solicitudes, prazo e documentación a presentar

Os candidatos/as que desexen participar neste proceso deberán cumprimentar debidamente o modelo de solicitude que figura como anexo II a estas bases, no prazo de **dez (10) días hábiles** a partires do día seguinte ó da publicación do anuncio desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia.

As instancias, dirixidas á Dirección do Instituto Galego da Calidade Alimentaria (INGACAL), sito no Pazo de Quián s/n Sergude 15.881 Boqueixón (A Coruña) ou na forma prevista no artigo 38.4 da Lei 30/1992, 26 de novembro de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/99 de 13 de abril.

O enderezo que figure nas instancias considerarase como único válido para os efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva do concursante, tanto os erros na consignación del como a non comunicación de cambios de domicilio.

Documentación que deberán presentar os candidatos/as:

- a) Copia cotexada do DNI
- b) Copia cotexada das titulacións e acreditacións requiridas na base 6ª
- c) Toda a documentación detallada no Anexo II destas bases



Todos os méritos que os aspirantes presenten para a súa valoración, enténdense referidos ao día de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Para os efectos da documentación requirida, admitirase a documentación cotexada polo propio INGACAL e a cotexada por outras administracións públicas, organismos autónomos, entidades públicas empresariais, universidades públicas e as axencias estatais, polas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro e a lexitimada por notario.

A documentación presentarase en calquera dos idiomas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia. A documentación presentada en idioma distinto ao galego ou castelán deberá ir acompañada de tradución oficial.

O enderezo que figure nas instancias considerarase como o único válido para os efectos de notificacións.

Para calquera consulta ou información adicional os interesados poderán poñerse en contacto telefónico no seguinte número 881 997 276, en horario de 09:00 a 14:00 horas de luns a venres.

Expirado o prazo para a presentación de solicitudes a Comisión de Selección publicará na páxina web

http://mediorural.xunta.gal/nc/areas/investigacion_e_formacion/instituto_galego_da_calidade_alimentaria/documentacion/persoal/ e no taboleiro de anuncios do Instituto, a resolución coa lista provisional de admitidos/as e excluídos/as.

Na lista constará, en todo caso, o número do documento de identidade ou documento equivalente e a condición acadada, de admitidos/as ou excluídos/as. No caso dos/as excluídos/as farase constar o motivo da exclusión, tendo o prazo de **cinco (5) días hábiles**, contados a partir do día seguinte a publicación, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión. Neste período de emenda soamente pode rectificarse a documentación achegada, e nunca nova documentación.

A estimación ou desestimación entenderase implícita na resolución definitiva de admitidos/as e excluídos/as.



8.- Procedemento de selección

O sistema de selección será por concurso-oposición (avaliación de méritos e probas de coñecemento).

8.1. Comisión de Selección

Para a selección dos/as candidatos/as constituirase unha Comisión de Selección de persoal designada pola Dirección do INGACAL que estará constituída, en virtude do principio de paridade entre homes e mulleres, nos termos establecidos no artigo 49 do Decreto legislativo 2/2015, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade por un presidente/a, un/ha vogal e un/unha secretario/a. Na Comisión de Selección, poderán participar expertos externos que axuden na cualificación do candidato/a, con voz pero sen voto.

A Comisión de Selección axustará a súa actuación ó disposto no artigo 60 do Real Decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do empregado público e nas Instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos órganos de selección do 11 de abril de 2007, modificadas polo Acordo da Xunta de 8 de abril de 2010, aplicables a todos os actos do proceso e dos órganos de selección, incluída a súa constitución e a adopción de acordos.

Os membros da comisión de selección estarán suxeitos ás causas de abstención previstas no artigo 12 das instrucións do 8 de abril de 2010 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Os membros da Comisión de Selección deberán estar en posesión de titulación igual ou superior nivel de titulación requirida para o procedemento de selección. A Comisión de Selección non se poderá constituír, nin actuar sen a presenza dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente.

As decisións da Comisión de Selección adoptaranse por maioría simple dos membros presentes no momento da votación. No caso de empate, o Presidente terá o voto de calidade.



Os interesados/as poderán promover a recusación en calquera momento da tramitación do proceso de selección en virtude do disposto no artigo 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

8.2. Funcións da Comisión de Selección:

- Avaliar a acreditación requirida e outorgarlles a calificación aos aspirantes segundo as normas desta convocatoria.
- Formalizar, mediante actas, todo o proceso selectivo e o resultado final, que será remitido ao órgano de contratación.
- Resolver as dúbidas e incidencias que xurdan no proceso de selección.
- Propor á Dirección do INGACAL os candidatos que obtiveron maior puntuación a efectos de contratación.
- Interpretar o contido destas bases.

As comunicacións e demais incidencias, serán dirixidas á Comisión de Selección do Instituto Galego de Calidade Alimentaria con enderezo en Pazo de Quián s/n Sergude 15.881 Boqueixón (A Coruña)

8.3. Proceso selectivo: Concurso de avaliación dos méritos e proba de coñecemento práctico.

O procedemento de selección iniciarase mediante a avaliación dos méritos dos aspirantes solicitantes no presente proceso selectivo. Os aspirantes deberán aportar á Comisión de Selección o seu C.V. e toda a documentación detallada no anexo II.

O(a)s aspirantes que obteñan unha nota mínima de CINCO (5) puntos en relación coa avaliación de méritos pasarán á segunda fase (B) do proceso selectivo.

A. CONCURSO DE AVALIACIÓN DOS MÉRITOS: ata 10 puntos, segundo o seguinte baremo:

1. Participación en proxectos de investigación relacionados cos produtos de orixe animal e coa calidade dos mesmos: ata 2,5 puntos.

1.1 Por cada mes de participación en proxectos de ámbito nacional e/ou internacional: 0,05 puntos



1.2 Por cada mes de participación en proxectos de ámbito autonómico: 0,02 puntos

2. Experiencia laboral: ata 3 puntos.

2.1 Por cada mes con contrato de traballo na Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia ou nos seus entes autónomos: 0,06 puntos.

2.2 Por cada mes con contrato de traballo noutras Consellerías da Xunta de Galicia e noutras Administracións: 0,03 puntos.

2.3 Por cada mes con contrato de traballo en empresas: 0,02 puntos.

3. Publicacións científico-técnicas en revistas, libros e capítulos de libros: ata 1,5 puntos.

3.1 Publicacións relacionadas coas materias da acción e recollidas no Science Citation Index (SCI): 0,1 puntos/publicación hasta un máximo de 1 punto.

3.2 Outras publicacións: 0,05 puntos/publicación hasta un máximo de 0,5 puntos.

4. Transferencia tecnolóxica aportada: ata 1,5 puntos.

4.1 Participación en proxectos e contratos con empresas do sector: 0,15 puntos/proxecto, ata un máximo ata 1 punto(s).

4.2 Outras aportacións (accións de transferencia, días de campo, xornadas técnicas, etc.): 0,1 puntos/acción, ata un máximo de 0,5 puntos.

5. Aportacións a congresos e reunións científicas relacionados coas materias da acción: hasta un máximo de 1 punto:

5.1 0,06 puntos/congreso internacional.

5.2 0,03 puntos/congreso nacional.

6. Estancias no extranxeiro: 0,05 puntos/mes, hasta un máximo de 0,5 puntos:



B. PROBA DE COÑECEMENTO PRÁCTICO NO LABORATORIO E DIÁLOGO COS ASPIRANTES, ATA 10 puntos

O(a)s aspirantes cunha nota mínima de 5 obtida na primeira fase (A) poderán acceder á segunda fase, que consistirá na realización dunha proba práctica que permita a avaliación das funcións contempladas na base 4 da presente convocatoria, cunha duración máxima de 1 hora por aspirante.

Durante a execución do exercicio práctico, a Comisión de Selección poderá manter un diálogo cos aspirantes sobre as materias relacionadas coa práctica que está a desenvolver e detalladas no Anexo III destas bases.

Os candidatos deberán obter un mínimo de CINCO (5) puntos no exercicio práctico para obter a cualificación de apto.

Á puntuación que obteñan o(a)s aspirantes nesta proba de coñecemento práctico sumarase á puntuación obtida no concurso de méritos, resultando elixido(a) o/a aspirante que teña a maior puntuación global.

A comisión de selección poderá outorgar ata un máximo de vinte (20) puntos.

9.- Lista provisional coas puntuacións do proceso selectivo

Rematada a proba, a Comisión de Selección publicará na páxina web, http://mediorural.xunta.gal/nc/areas/investigacion_e_formacion/instituto_galego_da_calidade_alimentaria/documentacion/persoal/, e no taboleiro de anuncios do INGACAL a lista provisional coas puntuacións do proceso selectivo, concedendo un prazo de reclamacións de **tres (3) días hábiles** contados a partir do día seguinte ó da publicación.

10.- Lista definitiva coas puntuacións do proceso selectivo

Transcorrido o prazo de reclamacións, a Comisión de Selección, publicará a lista definitiva coas puntuacións respectivas.



11.- Criterios de desempate

En caso de empate, de conformidade co disposto no artigo 49 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, no suposto de infra-representación do sexo feminino (entendendo por tal, cando exista unha diferenza porcentual de, polo menos vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes), o empate resolverase a favor da muller. E como segundo criterio de desempate estarase á letra establecida pola Resolución do 3 de febreiro de 2016 pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 29, de 12 de febreiro).

12.- Resolución da convocatoria

A Comisión de Selección propondrá ó candidato á Dirección do INGACAL que resolverá o proceso de contratación mediante resolución motivada, publicada na páxina web e no taboleiro de anuncios do Instituto. Esta resolución será notificada, para o seu coñecemento, a correspondente oficina de emprego.

Os/As candidatos/as seleccionados deberán aceptar o posto no prazo de **dous (2) días hábiles** contados dende o día seguinte o da publicación da Resolución na páxina web do Instituto

http://mediorural.xunta.gal/nc/areas/investigacion_e_formacion/instituto_galego_da_calidade_alimentaria/documentacion/persoal/ e, en caso de non aceptación, procederase ao chamamento do/a candidato/a seguinte con maior puntuación no presente proceso selectivo.

13.- Lista de suplentes

Os candidatos/as que obtiveran unha puntuación GLOBAL igual ou superior a dez (10) puntos nas dúas probas e que finalmente non fosen contratados pasarán a formar parte dunha lista de suplentes, que se fará pública coa lista definitiva das puntuacións, procedendo ao chamamento dos candidatos/as segundo a orde de prelación da mesma, de maior a menor puntuación.



A vixencia da lista coincidirá coa duración do servizo a desenvolver na presente contratación.

14.- Datos de carácter persoal

Os datos de carácter persoal serán tratados segundo o disposto na Lei Orgánica/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal. Os candidatos/as que participen neste proceso selectivo consenten expresamente á incorporación dos seus datos de carácter persoal nos ficheiros existentes no INGACAL e ao seu tratamento. O titular dos datos de carácter persoal poderá exercer os seus dereitos de acceso rectificación, cancelación e oposición ao tratamento dos mesmos nos termos da devandita Lei Orgánica, solicitándoo nas oficinas do INGACAL, no Pazo de Quián s/n, 15881 Sergude (Boqueixón), A Coruña, en horario de 09:00 a 14:00 horas.

15.- Recursos

Contra a resolución da convocatoria os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición ante o Consello de Dirección de INGACAL, nos termos dos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da publicación do resultado do proceso selectivo, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte a aquel no que se entenda desestimada a solicitude por silencio administrativo.

16.- Órgano de contratación

Por Resolución de 24 de abril de 2013 (D.O.G. núm. 85, 03/05/13) de delegación de competencias da Presidencia na persoa titular da Dirección do Instituto Galego da Calidade Alimentaria (INGACAL), corresponde a esta a condición de ser órgano de contratación do Instituto.

A tempo, e conforme á Resolución de 5 de setembro de 2012 (DOG núm. 178, 18/09/12), o titular da Dirección do Instituto Galego de Calidade Alimentaria (INGACAL), ten delegada a facultade do Consello de Dirección prevista no artigo 6.d)



do Decreto 259/2006, para a autorización da contratación de persoal temporal por obra ou servizo con cargo a proxectos e servizos de I+D+I.

17.- Disposición final

A participación neste proceso selectivo por parte do/a candidato/a supón a aceptación íntegra das presentes bases.

Sergude, a 26 de xullo de 2016.

A Dirección do INGACAL

Tomás Fernández–Couto Juanas



ANEXO I

PROBA DE ACREDITACIÓN DO COÑECEMENTO DO GALEGO

Conforme o disposto na base sexta da presente convocatoria, o coñecemento do idioma galego acreditarase mediante o título Celga 4, curso de perfeccionamento da lingua galega ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia. No caso de que algún dos candidatos non poida acreditarlo mediante o anterior título, deberá superar unha proba de nivel da lingua galega.

Esta proba consistirá na resolución dun cuestionario de 30 preguntas tipo test con catro respostas alternativas das cales so unha será a correcta, que será o resultante do sorteo entre dous cuestionarios previamente elaborados pola Comisión de Selección. A efectos da puntuación teranse en conta as seguintes normas:

- por cada dúas respostas incorrectas descontarase unha correcta;
- as respostas en branco non puntúan;
- as dobres respostas e as que non estean claras se considerarán incorrectas.

A proba á que se refiren estas bases será cualificada como apta ou non apta sendo necesario obter un mínimo de 20 respostas para obter a cualificación de aptitude. No caso de ser non apta o candidato/a quedará excluído/a.

O finaliza-lo exercicio cada aspirante poderá obter copia das respostas do seu cuestionario e no prazo das vinte e catro horas seguintes á realización da proba, se farán públicas as respostas correctas do cuestionario-, no lugar de realización da proba, no taboleiro de anuncios do INGACAL e na páxina web do INGACAL.

A Comisión de Selección concederá un prazo de dous (2) días dende a publicación das respostas correctas do cuestionario para a formulación de reclamacións por parte dos aspirantes. Transcorrido o anterior prazo de reclamacións, a Comisión de Selección publicará ao día seguinte o resultado definitivo, e continuará co proceso selectivo.



ANEXO II

SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NO PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAL

DATOS PERSOAIS

Apelidos:.....
 Nome:..... NIF:.....
 Enderezo:.....
 Localidade:..... Provincia:.....
 Código Postal:..... Teléfono:..... E-mail:.....
 Data de nacemento:..... Nacionalidade:.....
 Nº de afiliación á Seguridade social:.....
 Titulacións.....

DECLARACIÓN XURADA

O abaixo asinante declara non padecer enfermidade ou defecto físico que lle impida desempeñar as funcións correspondentes ao posto de traballo da praza á que opta, e non estar separado do servizo de ningunha administración pública en virtude de expediente disciplinario, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

E de conformidade co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o interesado presta o seu consentimento expreso e inequívoco á incorporación dos seus datos aos ficheiros existentes no INGACAL e ao tratamento dos mesmos.

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGO

- D.N.I.
- Copia cotexada dun/s documento/s acreditativo/s no que conste os títulos dos diplomas de licenciatura e de posgrao.
- Copia do certificado de vida laboral emitido pola autoridade competente.
- Copia cotexada dun/s documento/s acreditativo/s no(s) que conste a participación do solicitante en proxectos de investigación, en calidade de persoal investigador ou persoal de apoio, e o título do/s proxecto/s.
- Copia da primeira e última páxinas dos artigos e publicacións científicos.
- Copia dos "abstracts" correspondendo ás comunicacións en congresos.
- Copia cotexada do título Celga 4, curso de perfeccionamento da lingua galega ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia.

Fago constar que a presente documentación consta de _ folios, numerados correlativamente do 1 ao __

Lugar e data:

Sinatura

Asdo:.....

DIRECCIÓN DO INSTITUTO GALEGO DA CALIDADE ALIMENTARIA



ANEXO III

MATERIAS SOBRE AS QUE PODERÁ VERSAR O DIÁLOGO COS ASPIRANTES DURANTE A PROBA PRÁCTICA NO LABORATORIO (Base 8, apartado 3.B)

1. Últimos avances publicados en materia de presenza e determinación de moléculas con efectos antioxidantes en alimentos (feed), forraxes frescos, ensilaxes, leite de vacún e outros produtos de orixe animal.
2. Distintos tipos de moléculas “funcionais” e con propiedades antioxidantes que poden estar presentes nas forraxes, no leite e noutros produtos de orixe animal.
3. Diferentes sistemas de alimentación do gando, especialmente do gando bovino, en Galicia e na cornisa Cantábrica.
4. Relación entre estes sistemas de alimentación do gando e a presenza destes antioxidantes no leite e noutros produtos de orixe animal.
5. Métodos de extracción modernos e avanzados para a determinación de sustancias orgánicas, especialmente antioxidantes, en matrices alimentarias (Food/Feed)- Vantaxes e inconvenientes de cada tipo técnica. Criterios de aplicabilidade.
6. Desenvolvemento e optimización de métodos de extracción e de cromatografía para a determinación de antioxidantes liposolúbeis en mostras de pastos, forraxes, ensilaxes e leite.
7. Validación de métodos analíticos no ámbito da calidade e seguridade alimentaria.